

AXUDAS DO IGAPE PARA A BONIFICACIÓN DOS CUSTOS DE FINANCIAMENTO DAS PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS

CONTIDO

Axudas do IGAPE para a bonificación dos custos de financiamento das PEMES	1
Axudas do IGAPE para a bonificación dos custos de financiamento	2
Programa de incentivos á contratación das persoas traballadoras	3
Préstamos Jeremie-IGAPE do programa operativo Feder Galicia	4
Programa das iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E)	5
Programa de axudas ós autónomos pola contratación indefinida de	6
Programa de integración laboral das persoas con discapacidade	7
Programa de incentivos para promover a afiliación á SS das mulleres titulares de explotacións agrarias	8
Subvención para implantar a RSE e a igualdade nas PEMES	9
Axudas de compensacións complementarias en explotacións e para a compra de gando bovino, ovino e cabrún	10

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2014 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape para a bonificación dos custos do financiamento das pequenas e medianas empresas de Galicia, titulares de préstamos superiores a 25.000 euros con fondos do Instituto de Crédito Oficial (ICO), instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva (**Programa de apoio financeiro ás pemes**).

Obxecto e beneficiarios : Estas bases regulan o contido e procedemento de tramitación das axudas ao financiamento dos investimentos en Galicia, por parte das pequenas e medianas empresas. As axudas aplicaranse ao financiamento obtido das entidades financeiras con fondos do Instituto de Crédito Oficial (ICO).



APE Galicia

Plaza de España nº1, 1º
oficina 1
36002 Pontevedra

Teléfono: 986891657
Móvil: 663 881 047

E-mail: info@apegalicia.es

Poderán ser beneficiarios os autónomos e aquelas empresas que teñan a consideración de microempresa ou pemes calquera que sexa a súa forma xurídica, polo que tamén poderán acceder á condición de beneficiario as persoas físicas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo as actividades ou se atopen na situación que motiva a concesión das axudas.

Terán que ter formalizada unha operación de préstamo, previamente ou con posterioridade á entrada en vigor das presentes bases, con cargo a algunha das liñas do Instituto de Crédito Oficial (ICO), por un importe superior a 25.000 €, a un prazo igual ou superior a cinco anos

Prazo: O prazo de presentación de solicitudes por parte do interesado no Igape iniciárase o día seguinte ao da publicación destas bases reguladoras no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 20 de novembro de 2014.

Enlace: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140602/AnuncioO92-230514-0001_gl.html

AXUDAS DO IGAPE PARA A BONIFICACIÓN DOS CUSTOS DO FINANCIAMENTO DOS INVESTIMENTOS DAS MICROEMPRESAS, TITULARES DE PRÉSTAMOS INFERIORES OU IGUAIS A 25.000 EUROS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

RESOLUCIÓN do 26 maio de 2014 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para a bonificación dos custos do financiamento dos investimentos das microempresas de Galicia, titulares de préstamos inferiores ou iguais a 25.000 euros con fondos ICO **(Programa microcréditos).**

Obxecto e beneficiarios : axudas ao financiamento dos investimentos en Galicia, por parte das microempresas. As axudas aplícaranse ao financiamento obtido das entidades financeiras con fondos ICO

Poderán ser beneficiarios os autónomos e aquelas empresas que teñan a consideración de microempresa. Terá a consideración de microempresa a unidade económica con personalidade física ou xurídica que reúna os seguintes requisitos:

- a) Que teña menos de 10 traballadores.
- b) Que teñan unha cifra de negocios anual ou balance xeral anual que non supere os 2 millóns de euros.
- c) Que cumpra o criterio de independencia.

Terán que ter formalizada unha operación de préstamo, previamente ou con posterioridade á entrada en vigor das presentes bases, con cargo a algunha das liñas ICO, por un importe inferior ou igual a 25.000,00 €, a un prazo igual ou superior a cinco anos, e cumprir coas condicións específicas.

Prazo: O prazo de presentación de solicitudes por parte do interesado no Igape iniciárase o día seguinte ao da publicación destas bases reguladoras no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 20 de novembro de 2014.



PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN DAS PERSOAS TRABALLADORAS

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

ORDE do 21 de maio de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación das persoas traballadoras, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.

Obxecto: Fixar as bases reguladoras e proceder á convocatoria para o ano 2014 dos programas de incentivos a contratación por conta allea que teñen por finalidade favorecer o emprego estable e facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas traballadoras con maiores dificultades de inserción laboral, en especial, as persoas mozas desempregadas menores de 30 anos, as persoas desempregadas de longa duración, as persoas desempregadas de 45 ou máis anos de idade e as persoas que esgotasen as prestacións por desemprego, a través dos seguintes programas:

- I. TR349A. Programa de incentivos á contratación indefinida inicial. Programa CONII
- II. TR349C. Programa de incentivos á transformación de contratos temporais en indefinidos. Programa Estabiliza
- III. TR349D. Programa de incentivos á contratación temporal de colectivos en risco de exclusión social. Programa Inserta
- IV. TR349G. Programa de incentivos ao contrato para a formación e a aprendizaxe
- V. TR349H. Programa de incentivos á contratación temporal de persoas mozas desempregadas menores de 30 anos.

Beneficiarios : as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia.

Prazo: As solicitudes de axudas polas contratacións subvencionables realizadas entre o 1 de outubro de 2013, ou se é o caso o 1 de xaneiro de 2014, e a data da publicación desta orde, deberán presentarse no prazo dun mes desde a entrada en vigor desta orde. As axudas previstas nos diferentes programas polas contratacións subvencionables realizadas desde a entrada en vigor desta orde deberán solicitarse ata o último día do mes seguinte á data en que se inicie a relación laboral ou se produza a transformación do contrato temporal en indefinido.

O prazo para a presentación das solicitudes de axudas rematará o 30 de setembro de 2014, aínda que nesa data non transcorrese o prazo sinalado no parágrafo anterior.

Enlace: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140604/AnuncioCA05-230514-0001_gl.html



PRÉSTAMOS JEREMIE-IGAPE PREVISTOS NO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2007-2013

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

RESOLUCIÓN do 3 de xuño de 2014 pola que se dá publicidade do acordo, do Consello de Dirección, que aproba as bases reguladoras dos préstamos Jeremie- Igape previstos no programa operativo Feder Galicia 2007-2013 en beneficio de pequenas e medianas empresas e microempresas cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva

Obxecto e finalidade: Publicar as bases reguladoras dos préstamos Jeremie-Igape previstos no programa operativo Feder Galicia 2007-2013 en beneficio de pequenas e medianas empresas e microempresas, e convocar as ditas axudas en réxime de concorrencia non competitiva.

Poderán ser beneficiarias aquelas sociedades mercantís que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Ser unha peme ou microempresa.
- b) Realizar unha iniciativa empresarial nun centro de traballo, obxecto do proxecto de investimento, localizado na Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Desenvolver ou ter previsto realizar no centro obxecto do proxecto algunha actividade empresarial financiada
- d) Achegar para o proxecto de investimento unha contribución financeira do 30 % do proxecto; un 25 % deberá estar exento de calquera tipo de apoio público, ademais da totalidade dos impostos indirectos que graven a adquisición dos bens, sexa mediante recursos propios ou mediante financiamento externo.

Prazo: comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución no *DOG* e rematará o 30 de xuño de 2015 ou no momento de esgotamento do crédito orzamentario.

Enlace: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140609/AnuncioO92-030614-0001_gl.html

PROGRAMA DAS INICIATIVAS EMPREENDEDORAS E DE EMPREGO (I+E+E)

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

ORDE do 30 de maio de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa das iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.

Obxecto e finalidade: fixar as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2014 do programa de fomento das iniciativas emprendedoras e de emprego coa finalidade de xerar emprego estable para persoas desempregadas, principalmente entre a mocidade e mulleres, apoiando e dinamizando o desenvolvemento de novas iniciativas empresariais na Comunidade Autóno-



ma de Galicia, con especial atención aos concellos do rural galego.

Poderán ser beneficiarias das axudas as empresas privadas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, agás as persoas físicas, comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas e sociedades laborais nas cales concorran, na data do seu inicio de actividade, as seguintes circunstancias:

- a) Que sexan empresas de nova creación.
- b) Que sexan viables técnica, económica e financeiramente.
- c) Que xeren emprego estable para persoas desempregadas.
- d) Que teñan o seu domicilio social, fiscal e o seu centro na Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) Que sexan promovidas, como máximo, por cinco persoas e que entre os socios ou as socias promotoras non figure ningunha persoa xurídica.
- f) Que a empresa teña un capital social máximo de 120.202 euros.
- g) Que como mínimo o 50 % do seu capital social sexa de titularidade dos promotores e promotoras que sexan persoas desempregadas que creen o seu propio posto de traballo na empresa.

2. Ademais, tamén poderán ser beneficiarias das axudas previstas nesta orde as empresas privadas que obtivesen a cualificación como iniciativa local de emprego (ILE).

Prazo: O prazo xeral para a presentación de solicitudes das axudas deste programa finalizará o 30 de setembro de 2014 e respectaranse, en todo caso, os prazos específicos previstos para cada tipo de subvención.

PROGRAMA DE AXUDAS A PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS POLA CONTRATACIÓN INDEFINIDA DE PERSOAS ASALARIADAS

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

ORDE do 30 de maio de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida de persoas asalariadas, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.

Obxecto e beneficiarios: Fixar as bases reguladoras e proceder á convocatoria para o ano 2014 dos incentivos á contratación indefinida inicial de persoas desempregadas realizada polas persoas traballadoras autónomas ou persoas profesionais con domicilio social e fiscal en Galicia.

Poderán ser beneficiarias das axudas previstas nesta orde as persoas traballadoras autónomas ou as persoas profesionais pola primeira contratación que realicen con carácter indefinido durante o seu primeiro ano de actividade e pola segunda e terceira contratación que realicen con carácter indefinido nos tres primeiros anos de actividade.

Prazo: As axudas previstas polas contratacións subvencionables realizadas desde a entrada en vigor desta orde deberán solicitarse ata o último día do mes seguinte á data en que se inicie a relación laboral indefinida pola que se solicita subvención.

O prazo para a presentación das solicitudes de axudas rematará o 30 de setembro de 2014, aínda que nesa data non transcorrese o prazo sinalado no parágrafo anterior.

Enlace: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140612/AnuncioCA05-050614-0003_gl.html

PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA INTEGRACIÓN LABORAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

ORDE do 2 de xuño de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de promoción da integración laboral das persoas con discapacidade na empresa ordinaria, e do Programa de emprego con apoio, como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.

Obxecto e beneficiarios : fixar as bases reguladoras e proceder á convocatoria, para o ano 2014 das subvencións para a integración laboral das persoas con discapacidade na empresa ordinaria, a través dos seguintes programas:

- Programa de fomento da contratación das persoas con discapacidade na empresa ordinaria
- Programa de emprego con apoio, como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo.

Poderán ser persoas ou entidades beneficiarias das subvencións que se regulan nesta orde as que se establecen para cada programa regulado nos seus anexos, sempre que se cumpran as condicións e os requisitos establecidos para cada tipo de axuda.

Prazo: Os prazos de presentación de solicitudes do Programa de fomento da contratación das persoas con discapacidade na empresa ordinaria, serán os seguintes:

- a) As solicitudes de axudas á contratación deberanse presentar ata o último día do mes seguinte á data en que se inicie a relación laboral ou se produza a transformación do contrato temporal en indefinido, respectando, en todo caso, o prazo xeral de presentación de solicitudes que finalizará o 30 de setembro de 2014.
- b) As solicitudes de axuda pola adaptación de postos de traballo deberanse presentar antes do inicio desta adaptación, respectando, en todo caso, o prazo xeral de presentación de solicitudes que finalizará o 30 de setembro de 2014.
- c) As contratacións ou transformacións de contratos temporais en indefinidos e as adaptacións de postos de traballo realizadas entre o 1 de outubro de 2013 e a data de publicación desta orde poderanse acoller ás súas axudas, aínda que transcorrese o prazo establecido desde a contratación ou se tivese iniciado a execución do proxecto de investimento. O prazo para a presentación destas solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo de presentación de solicitudes do Programa de emprego con apoio, será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.



PROGRAMA DE INCENTIVOS PARA PROMOVER A AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL DAS MULLERES COTITULARES OU TITULARES DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

ORDE do 13 de xuño de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das mulleres cotitulares ou titulares de explotacións agrarias, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.

Obxecto e beneficiarios : establecer as bases reguladoras do Programa de incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das mulleres cotitulares e titulares de explotacións agrarias de Galicia, coa finalidade de promover a creación do emprego e a mellora laboral no agro galego, facilitando mediante incentivos a súa alta na Seguridade Social, e proceder á súa convocatoria para o ano 2014.

Poderán ser beneficiarias deste programa as mulleres, dedicadas ou incorporadas á actividade agraria incluídas nalgún dos seguintes colectivos e que cumpran os requisitos previstos para cada suposto:

1. Mulleres incorporadas ao réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos a través do sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, sempre que reúnan os seguintes requisitos:
 - a) Que a súa incorporación se produza a partir do 1 de outubro de 2013 e ata o 30 de setembro de 2014.
 - b) Ter cincuenta ou menos anos de idade na data da dita incorporación.
 - c) Que sexan cónxuxes ou descendentes da persoa titular da explotación agraria, sempre que este estea dado de alta nos citados réxime e sistema especiais.
 - d) Que sexan beneficiarias da redución do 30 por cento das cotas á Seguridade Social
 2. Mulleres de cincuenta ou menos anos de idade na data de alta na Seguridade Social incorporadas a partir do 1 de outubro de 2013 e ata o 30 de setembro de 2014 ao réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos a través do sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, titulares de explotacións agrarias nos seguintes supostos:
 - a) Que accedan á titularidade dunha explotación agraria en funcionamento que lles fose atribuída tras un proceso de separación ou divorcio.
 - b) Que accedan á titularidade dunha explotación agraria tras o falecemento, xubilación ou incapacidade recoñecida do seu cónxuxe, descendentes ou ascendentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao incluído.
 - c) Mulleres que se incorporen a unha explotación familiar en marcha, cando o seu cónxuxe cause baixa no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios do réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, por dedicarse a outra actividade e mentres este permaneza en situación de alta noutro réxime ou sistema da Seguridade Social.
- Nestes casos, deberá producirse unha continuidade no funcionamento da explotación agraria de xeito que entre a data de alta no sistema especial da nova titular e a data do feito causante que determina o cambio de titularidade non transcorran máis de 12 meses.

Prazo: Os prazos específicos para a presentación de solicitudes de axudas ao abeiro do programa de promoción da afiliación a seguridade social son os seguintes:

a) Aquelas incorporacións ao réxime especial de traballadoras por conta propia ou au-tónomas a través do sistema especial para traballadoras por conta propia agrarias, realiza-das a partir do 1 de outubro de 2013 e a data de publicación desta orde de axudas, o prazo para a presentación de solici-tudes será de dous meses desde o día seguinte a publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta orde.

b) Para as incorporacións posteriores a publicación da orde de convocatoria, dous me-ses desde a data da solicitude de alta na Seguridade Social.

O prazo xeral para a presentación de solicitudes de axudas rematará o 30 de setembro de 2014, aínda que non transcorresen os prazos específicos previstos.

Enlace: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140625/AnuncioCA05-160614-0001_gl.html

SUBVENCIONS PARA IMPLANTAR A RESPONSABILIDADE SOCIAL (RSE) E A IGUALDADE NAS PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

ORDE do 12 de xuño de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para implantar a responsabilidade social empresarial (RSE) e a igualdade nas pequenas e medianas empresas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se convocan para o exercicio 2014.

Obxecto e beneficiarios : establecer as bases reguladoras para a concesión de axudas para o ano 2014, en réxime de concorrencia competitiva, a pequenas e medianas empresas (pemes), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, para implantar a responsabilidade social empresarial (RSE) e para o fomento da igualdade laboral a través da implantación de plans de igualdade, da eliminación da infrarrepresentación feminina ou da garantía da conciliación da vida familiar e laboral.



1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as empresas privadas con domicilio social e centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Así mesmo, poderán ser beneficiarias as empresas con axencia, sucursal, delegación ou calquera outra representación en Galicia sempre que teñan contratado un mínimo dun 10 % do seu persoal en Galicia e, cando menos, dez persoas.
3. As empresas beneficiarias deben reunir as seguintes condicións:
 - a) Que non superen os 50 millóns de euros de volume de negocio anual ou o seu balance anual sexa inferior a 43 millóns de euros.
 - b) Que contén cun número de persoas traballadoras inferior a 250.
 - c) Non teñen consideración de beneficiarias as entidades sen ánimo de lucro.
 - d) Atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social

Prazo: O prazo para a presentación de solicitudes de axudas rematará nun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación da norma no *Diario Oficial de Galicia*.

Enlace: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140625/AnuncioCA05-130614-0001_gl.html

AXUDAS DE COMPENSACIÓNS COMPLEMENTARIAS EN EXPLOTACIÓNS DE GANDO BOVINO, OVINO E CABRÚN, E AXUDAS PARA A COMPRA DE GANDO BOVINO, OVINO E CABRÚN

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

ORDE do 26 de xuño de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas de compensacións complementarias en explotacións de gando bovino, ovino e cabrún, e axudas para a compra de gando bovino, ovino e cabrún que teña por obxecto a reposición das reses, como consecuencia do sacrificio obrigatorio de gando en execución de programas e actuacións oficiais de vixilancia, loita, control e erradicación de enfermidades dos animais, e se convocan para o ano 2014.

Obxecto: O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras e convocar para o ano 2014:

1. As axudas de compensacións complementarias por lucro cesante nos casos de inactividade nunha explotación de gando bovino, ovino e cabrún, rexistrada en Galicia.
2. As axudas para a compra de animais das especies bovina, ovina e cabrúa que teña por obxecto a reposición de efectivos, naquelas explotacións rexistradas en Galicia en que se ordenou o sacrificio de animais destas especies, despois do diagnóstico dunha enfermidade sometida a un programa ou a unha actuación sanitaria oficial de vixilancia, loita, control ou erradicación; tamén se incluírán os casos de animais desas especies que morresen neses marcos sanitarios oficiais citados e os casos de morte/sacrificio deses animais como consecuencia dun programa oficial obrigatorio de vacinación.

Beneficiarios:

1. Poderán ser persoas beneficiarias das axudas de compensacións complementarias por lucro cesante as persoas titulares (físicas e xurídicas) de explotacións bovinas, ovinas e cabrúas en que se sacrificase ou destruíse de forma preventiva a totalidade do seu censo, por motivos de sospeita e/ou confirmación da presenza dalgunha enfermidade sometida a un programa ou a unha actuación sanitaria oficial de vixilancia, loita, control ou erradicación.
2. Poderán ser persoas beneficiarias das axudas para a compra de animais de reposición as persoas titulares (físicas e xurídicas) de explotacións bovinas, ovinas e cabrúas en que se ordenase o sacrificio obrigatorio de animais existentes nelas, e como consecuencia do diagnóstico dunha enfermidade sometida a un programa ou a unha actuación sanitaria oficial de vixilancia, loita, control ou erradicación, así como as persoas titulares daquelas explotacións onde morresen ou se practicasen a eutanasia de animais das ditas especies por mor dunha enfermidade sometida a un programa ou a unha actuación sanitaria oficial de vixilancia, loita, control ou erradicación, ou por mor dun programa oficial obrigatorio de vacinación.
3. As persoas solicitantes das axudas establecidas nesta orde, para seren beneficiarias delas deberán ter a condición de Peme.

Prazo: desde o día seguinte ao da data de publicación desta orde no DOG ata o día 30 de novembro de 2014, incluíndo ambas as datas no cómputo do prazo.

Enlace: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140630/AnuncioG0165-250614-0013_gl.html